



PREVIR AS DIFICULTADES NA LINGUAXE



Cando os nenos e nenas entran na escola aos 3 anos de idade, os procesos de simplificación da fala son normais. O neno/a emprega unha linguaxe infantil porque se atopa neste estadio de adquisición da linguaxe. Cara aos 4 anos o neno/a xa debe falar correctamente, aínda que lle serán difíciles as palabras que conteñan os sons "r" e "rr" e os sinfóns

(br, pr, bl,...). En todo caso, hai que ter presente que cada neno ten un ritmo individual de desenvolvemento e por iso debemos darlle un tempo para que vaian madurando. Só se as dificultades persisten máis aló dos 6 anos debemos consultar a un especialista.

No proceso de adquisición da linguaxe son moi importantes os membros da familia, que son as persoas coas que pasa máis tempo.

A LINGUAXE. O SEU DESENVOLVEMENTO

A linguaxe é un instrumento de comunicación que permite ao neno e á nena entrar en relación con outras persoas, avanzar no pensamento e regular o seu comportamento (moitas veces as rabechas e os comportamentos agresivos aparecen porque non é capaz de expresar con palabras o que sente ou necesita).

A aparición da linguaxe está moi relacionado co interese do neno e da nena por comunicarse, por iso o papel da familia é moi importante, observando, respondendo e animando a expresarse.

Dende que nacen os nenos e nenas manifestan distintos xeitos de comunicarse: choros, miradas, sorrisos. Arredor dos 4 meses xa ten un bo repertorio de xestos e sons para interactuar cos demais.

A medida que se aproxima ao 6º mes comeza a aparecer a primeira indicación importante de que emprega a linguaxe oral para comunicarse, o BALBUCIDO (ma-ma, pa-pa, ba-ba).

A primeira palabra soe aparecer en torno ao ano ou ano e medio. Tamén mellora a comprensión, aínda que a súa expresión é limitada, comprende máis do que é capaz de expresar.

As primeiras palabras soe empregalas para referirse a máis dunha realidade (chama papa a todos os homes, por exemplo). Tamén as emprega como frase. Por exemplo, con "pan" pode querer dicir "quero pan", "caeu o pan", etc.

Ao longo deste primeiro ano experimentan importantes avances: experimenta unha "explosión de vocabulario" na que aumenta o número de palabras simples que pronuncian, comezan a combinar 2 palabras para formar frases curtas,...

ASPECTOS XERAIS

ALIMENTACIÓN: A partir dos 18 meses, o neno/a debe tomar alimentos sólidos, xa que a mastigación desenvolve a musculatura da boca e, polo tanto, axuda a unha correcta articulación.



USO DO CHUPETE: a estas idades non deben usar chupete; inflúe na deformación da cavidade oral e da posición dentaria.

CONSELLOS PARA A ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE ORAL

- Adicar un tempo diario a falar co neno ou nena. A maior parte do tempo o neno/a está cos seus pais, polo que son os que

mellor poden estimular a linguaxe, sempre dunha forma lúdica. Hai que ter en conta que hai que falarlle lentamente, con CLARIDADE E ARTICULANDO BEN. Debe evitarse falar co neno ou nena preto doutra fonte sonora, como a televisión acesa, porque a mensaxe do adulto non pode ser analizada.

- Deixar que o neno/a se exprese a súa maneira. Se comete erros cando fala, non debemos rirmos; o recomendable é darlle un modelo correcto, para ampliar e reorganizar as súas expresións. Por exemplo, cando di "roeme a tateza" debemos dicirlle "así que che doe a cabeza, e ¿en que parte che doe?".
- escoitar ao neno ou nena sen interrumpila e habitualala a que tamén escoite cando lle falan.
- Non contestarlle cando pida as cousas con xestos ou monosílabos, senón ensinalle a pedilas correctamente.
- Non usar unha linguaxe simple e infantil e evitar os diminutivos. Non debemos imitar a súa linguaxe senón darlle modelos adecuados.
- Evitar a sobreprotección e darlle responsabilidades que lle fagan sentir maior.

CONSELLOS PARA AXUDAR AO NENO OU NENA A ARTICULAR MELLOR

- AO LAVAR OS DENTES. Aproveitase para limpar non só dentes e moas, senón tamén a lingua, a parte interna da boca, o padal, etc. No enxaugue pódese ensinar ao neno a facer gárgaras.



- MENTRES NO PEITEAMOS. Diante do espello podemos aproveitar para facer xestos coa boca, sorrir de forma esaxerada, dicir "a, o, u" "a, e, i", esaxerando moito os movementos dos beizos, abrir a boca coma se



